



Na sala de xuntas do IES As Lagoas de Ourense, o día **6 de xuño de 2017**, ás 16.30 horas, reúnense o pleno da Xunta de Persoal de Funcionarios Docentes da provincia de Ourense, cos membros que de seguido se relacionan, para tratar os seguintes puntos da orde do día

ANPE

Fernández López, José Manuel

Llano Fernández, M^a Carmen

Orbán Cerredelo, M^o Elena

Otero Besteiro, Domingo

Vázquez Guzmán, Marta

CC.OO.

Álvarez Fernández, Concepción

Campos Seijo, Borja

Casal Domínguez, Manuela

Gómez Rodríguez, Manuel

Lorenzo Valdivieso, Daniel

Rodríguez Rodríguez, Daniel

CIG:

Alonso Noceda, Xosé Manuel

Crespo Toral, Carlos

Fernández Fernández, Carlos

Ferriero Fernández, Luis

Martiñá Rodríguez, Sara

Paradelo Rodríguez, Francisco M.

FETE-UGT:

Salceda Cibeira, Rosa María

STEG:

Lorenzo Fernández, Cristián

Outeiriño Calle, M^a Pía

ORDE DO DÍA:

Previo ao comezo da sesión, ANPE manifesta as súas desculpas por non ter asistido á permanente: problemas de última hora da persoa que debía asistir impediron a presenza da organización.

Sobre o mesmo tema, desde a Presidencia infórmase de que a Permanente non considerou oportuno tratar os escritos presentados por ANPE, dado que foi unha ausencia puntual.

1. Aprobación da acta do Pleno Ordinario de 19 de abril de 2017

Apróbase a acta por unanimidade.

2. Escritos presentados polas Organización Sindicais.

2.1 Escritos consensuados na Permanente do 6 de xuño.

2.1.1 Escrito rexeitando a realización das probas xerais de 3º e 6º de Primaria e 4º da ESO

Acórdase por maioría dirixir un escrito á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria expresando a oposición máis rotunda a estas probas, oposición que o curso pasado foi refrendada por máis do 80% do alumnado nos centros públicos que se negou a realizar as probas xerais de 3º e 6º. Son unhas probas que xerarquizan aínda máis o currículo, reforzan o modelo educativo da LOMCE e convértense nun obxectivo, en vez dun medio. Condicionan o traballo do profesorado e somete ao alumnado a unha presión e un traballo innecesario en detrimento da aprendizaxe doutras competencias. As carencias e necesidades do sistema educativo galego son coñecidas pola Consellaría que non dota de suficiente profesorado os centros, descoida a atención á diversidade e masifica as aulas. Son un desprezo á avaliación continua e a opinión do equipo docente, ningún mellor que o titor ou titora ou o equipo docente para saber das carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como os medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar. Son unha mostra máis do absoluto desprezo ao sentir da comunidade escolar galega contra a LOMCE e as súas reválidas.

2.1.2 Escrito solicitando un estudo lóxico das prazas para reducir ao mínimo

imprescindíbel o número de itinerancias e/ou afínse que se cumpra o acordo de itinerantes

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Ourense para que faga un estudo lóxico das prazas para reducir ao mínimo imprescindible o número de itinerancias e/ou afíns tanto no corpo de primaria como secundaria e tamén se cumpra o acordo de itinerantes asinado pola Consellería e as organizacións sindicais, dando prioridade a cubrir as necesidades de profesorado dos centros e non a criterios economicistas. Solicitamos, novamente, que se creen **comisións provinciais** que revisen os perfís das vacantes con afíns. Estas comisións provinciais deberían estar formadas por representantes da Xunta de Persoal Docente e por membros das Administracións Provinciais e nas mesmas a administración debería informar aos representantes da Xunta de Persoal Docente dos perfís das vacantes afíns do CADP.

2.1.3 Escrito sobre a convocatoria de prazas de atención preferente.

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á Xefatura Territorial de OurenseNa publicación da. esixindo que sexa máis contundente na defensa das necesidades educativas da provincia , dado que na Orde pola que se convocan prazas de atención preferente pódeseconstatar que en Ourense ofértanse 10 prazas e en Lugo 19, tendo unha poboación en términos cuantitativos similar.

2.1.4 Escrito sobre a escaseza de vacantes no CXT que deriva nun inusitado número de docentes en expectativa de destino (súmase o escrito nº 2 de ANPE).

Acórdase dirixir un escrito á Xefatura Territorial de Ourense e a Consellaría de Educación dicindo que resulta alarmante o cativo número de prazas que se adxudicaron en Ourense na resolución definitiva do CXT tanto no corpo de mestres, como no de secundaria e resto de corpos. Son moi poucas as vacantes que se ofertaron, nalgunha especialidade ningunha, moitas as resultas que non se cubriron, vacantes que quedaron sen adxudicar ao non haber profesorado en expectativa o que é claro síntoma de que tería que ampliarse a raquílica oferta de emprego. Esiximos que nas vindeiras convocatorias non se amortice ningunha praza, que se cubran todas as vacantes existentes e resultas do propio concurso. Sería o paso para unha redución drástica da situación de provisionalidade dos funcionarios docentes en expectativa de destino.

*2.1.5 Escrito solicitando que se creen **comisións provinciais** que revisen os perfís das vacantes con afíns.*

Acórdase por unanimidade exixir á administración educativa o adiantamento da resolución definitiva do CADP do corpo de secundaria para que o profesorado en expectativa de destino teña dereito a participar nas actividades de principio de curso de centro coma elección de horarios, claustro de inicio de curso. Igualmente, así os

traballadores docentes funcionarios/as de carreira ou interinos/as sen destino definitivo coñecerán cunha antelación suficiente as condicións laborais que rexirán o seu posto de traballo para o curso seguinte (lugar, turnos, horario, especialidade, afinidade, itinerancia...). Solicitamos que isto vaia acompañado dunhas instrucións para reducir ao máximo o número de vacantes que poidas saír despois desa resolución definitiva.

2.1.6 Escrito exixindo á administración educativa o adiantamento da resolución definitiva do CADP do corpo de secundaria.

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á administración educativa exixindo o adiantamento da resolución definitiva do CADP do corpo de secundaria para que o profesorado en expectativa de destino teña dereito a participar nas actividades de principio de curso de centro coma elección de horarios, claustro de inicio de curso. Igualmente, así os traballadores docentes funcionarios/as de carreira ou interinos/as sen destino definitivo coñecerán cunha antelación suficiente as condicións laborais que rexirán o seu posto de traballo para o curso seguinte (lugar, turnos, horario, especialidade, afinidade, itinerancia...). Solicitamos que isto vaia acompañado dunhas instrucións para reducir ao máximo o número de vacantes que poidas saír despois desa resolución definitiva.

2.1.7 Escrito solicitando por escrito a relación de criterios para o sorteo para a adxudicación dun posto nun tribunal de oposición e o software correspondente co que se leva a cabo o sorteo.

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á Consellaría de Cultura, Educación e O.U. solicitando por escrito a relación de criterios para o sorteo para a adxudicación dun posto nun tribunal de oposición e o software correspondente co que se leva a cabo o sorteo.

2.1.8 Escrito solicitando se aplique a normativa vixente e que se permita a xubilación na data que o profesorado solicite e non se adíe a finais de mes.

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á Consellaría de Cultura, Educación e O.U e á Xefatura Territorial de Ourense solicitando que se aplique a normativa vixente e que se permita a xubilación na data que o profesorado solicite e non se adíe a finais de mes.

2.1.9 Escrito solicitando as follas de servizo ó persoal con máis de 30 anos de servizo.

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á Consellaría de Cultura, Educación e O.U. esixindo á administración educativa que aporte as follas de servizo ó persoal con máis de 30 anos de servizo e instamos á mesma a que elabore unha base de datos informatizada para que todo o profesorado poda descargase con validez administrativa a súa folla de servizos; analogamente á vida laboral do persoal do INSS.

2.1.10 Escrito demandando que en ningún caso sexan adxudicadas as prazas de Orientación con materias afíns.

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á Consellaría de Cultura, Educación e O.U. exixindo que, en ningún caso, sexan adxudicadas praza de Orientación, tanto en Primaria como en Secundaria, con materias afíns.

2.1.11 Escrito rexeitando o establecemento como única data posible para a xubilación voluntaria dos funcionarios/as do Réxime de Clases Pasivas o día no que cumpren 60 anos de idade ou no seu defecto o último día hábil do mes no que soliciten xubilarse.

Acórdase por unanimidade esixir á Consellería de Cultura, Educación e O.U. que modifique a data para determinar o número mínimo de solicitudes ate o 9 de setembro de cada ano unha vez finalizadas as probas extraordinarias do alumnado, impedindo así o peche de ciclos formativos que a data 13 de xullo non teñen o número mínimo de solicitudes.

2.1.12 Escrito solicitando que se modifique a data para determinar o número mínimo de solicitudes para os ciclos formativos.

Acórdase por unanimidade esixir á Consellería de Cultura, Educación e O.U. que modifique a data para determinar o número mínimo de solicitudes para manter un Ciclo Formativo de FP ate o 9 de setembro de cada ano unha vez finalizadas as probas extraordinarias do alumnado, impedindo así o peche de ciclos formativos que a data 13 de xullo non teñen o número mínimo de solicitudes.

2.1.13 Escrito solicitando que se aboen de oficio as cantidades irregularmente substraídas aos funcionarios de carreira que estiveron en situación de IT máis de 90 días os últimos cinco anos.

Acórdase por unanimidade instar á Consellería de Cultura, Educación e O.U. a que abone de oficio as cantidades irregularmente substraídas aos funcionarios de carreira que estiveron en situación de IT máis de 90 días os últimos cinco anos, tal e como establecen as recentes sentenzas deste ano polas que se recoñece o dereito do traballador en situación de IT, despois de 90 días, percibir a mesma cantidade que viña cobrando no mes anterior a estar de baixa.

2.1.14 Escrito solicitando melloras na conta de correo corporativo.

Acórdase por unanimidade esixir a Consellería un aumento na capacidade da conta de correo, así como eliminar a medida de cambio de contrasinal cada tres meses, xa que esta última está ocasionando moitos inconvintes ao profesorado que redundan no seu traballo diario, xa que o usuario e contrasinal da conta de correo corporativo é esencial para acceder a todos os sitios telemáticos da Consellería de Cultura,

Educación e O.U.

2.1.15 Escrito demandando unha maior celeridade á hora de adxudicar as vacantes de substitucións.

Acórdase por unanimidade instar á Consellería de Cultura, Educación e O.U. a unha maior celeridade á hora de adxudicar as vacantes de substitucións, tal e como ela esixe aos substitutos a toma de posesión e igualmente a adxudicar as vacantes independentemente da época do ano que sexa, especialmente antes dun período vacacional, xa que o contrario redunda en consecuencias académicas e de organización moi negativas para os centros, especialmente a atención e avaliación do alumnado.

2.1.16 Escrito proponendo darlle nome de muller aos nosos centros educativos.

Acórdase por unanimidade trasladar á Xefatura Territorial de Ourense unha proposta de promover o uso de nomes de mulleres que destacaron e destacan no ámbito público a través de darlle o seu nome aos nosos centros educativos, xa que é máis necesario que nunca facer unha labor de visibilización da muller, como suxeito activo na historia, na ciencia, na cultura, nas letras, empezando cos nosos centros educativos. En fin, Revalorizarlas para que as estudantas teñan modelos nos que fixarse, que lles dean confianza en sí mesmas e nas súas capacidades. Propomos, finalmente, comezar esta labor coa modificación dos nomes anacrónicos e preconstitucionais e aqueles que teñan connotacións relixiosas, xa que a escola alberga a estudantes, profesorado, traballadores e pais/nais de todo tipo de creencias e ideoloxías, que non se sinten representados por este tipo de nomes.

ANPE quere facer constar o seu voto negativo ao punto 2.1.1. Polo tanto, o punto 2.1.1 é aprobado por 13 votos a favor e cinco en contra.

Os puntos restantes son aprobados por unanimidade.

2.2 Escrito rexeitando a orde que compromete 1500 millóns de euros para a privada CIG

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á Consellaría expresando o rexeitamento á esa Orde que amplía os concertos co ensino privado até 6 anos comprometendo 1.550 millóns de euros, mentres segue precarizando ao ensino público ao non dotalo dos recursos necesarios para garantir un ensino de calidade para todas e todos os alumnos en igualdade de condicións, independentemente onde se atope escolarizado e das súas condicións socioeconómicas.

2.3 Escrito solicitando un "concurso" previo ao CADP. FESP-UGT

Retirado por FESP-UGT

2.4 Escrito solicitando á consellería ou organismo competente da mesma que a elimine a relixión como materia do ensino e que desapareza do currículo escolar. STEG

Acórdase por maioría esixirlle á consellería ou organismo competente da mesma que a elimine a relixión como materia do ensino e que desapareza do currículo escolar.

2.5 Escrito solicitando o cobro dos complementos económicos dos Mestres de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que exerzan en Secundaria. ANPE

Acórdase por unanimidade solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o cobro dos complementos económicos dos Mestres de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que exerzan en Secundaria.

2.6 Escrito solicitando a xornada continua en horario adaptado para os meses de xuño e setembro. ANPE

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á Dirección Xeral de Recursos Humanos e a Xefatura Territorial de Ourense para que se recupere a autorización aos Centros Públicos para a xornada continua en horario adaptado para os meses de xuño e setembro.

2.8 Escrito solicitando que actualicen os postos clasificados de Especial Dificultade establecidos pola Orde do 18 de outubro de 2010. ANPE

Acórdase por unanimidade dirixir un escrito á Dirección Xeral de Recursos Humanos para que actualicen os postos clasificados de Especial Dificultade establecidos pola Orde do 18 de outubro de 2010.

2.9 Escrito sobre o retraso na publicación dos prazos habituais da Comisión de Conciliación Familiar. ANPE

Acórdase por unanimidade dirixir unha queixa á Consellería de Educación e á Dirección Xeral de Recursos Humanos polo retraso na publicación dos prazos habituais da Comisión de Conciliación Familiar.

2.10 Escrito solicitando o aumento no orzamento na convocatoria de axudas para proxectos de fomento do uso de galego nos centros de ensino non universitario de Galicia dependentes desta Consellería. ANPE

Acórdase dirixir un escrito á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar o aumento no orzamento na convocatoria de axudas para proxectos de fomento do uso de galego nos centros de ensino non universitario de

Galicia dependentes desta Consellería.

3. Rogos e preguntas

CCOO informa de que é posíbel que un centro de ensino pida apoio da Xunta de Persoal para un escrito. Quedamos en que, de darse a caso, reuniríase a Permanente.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.30h.

Sara Martiñá Rodríguez
Presidenta da Xunta de Persoal

Ourense, 7 de xuño de 2017